

**PROCESO SELECTIVO TÉCNICO
SISTEMAS**

**CONCELLO
DE VIGO**



TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO DE SISTEMAS (SUBGRUPO A1) DO CONCELLO DE VIGO.

ANUNCIO RESULTADO PROCESO SELECTIVO

O órgano de selección, **con data 4 de xuño de 2026**, acorda por unanimidade:

3. FINALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE SISTEMAS (SUBGRUPO A1) DO CONCELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión celebrada o 23-04-2026 constituíuse o órgano de selección relativo ao proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de Sistemas (subgrupo A1) do Concello de Vigo.

Segundo.- Con data 19-05-2026 convocouse ás persoas aspirantes á realización do primeiro exercicio, ao que asistiron dous candidatos, que procederon á lectura dos seus exercicios ante o órgano de selección o día 25 de maio de 2026, tal e como consta nas actas obrantes no expediente.

Terceiro.- Con data 27-05-2026 publicouse na páxina web municipal o anuncio relativo ao resultado e puntuacións do primeiro exercicio, coa apertura de tres días de prazo (hábeis) para presentar alegacións contra o citado acordo do órgano de selección de data 25-05-2026. Na mesma data foi remitido o anuncio ao taboleiro de edictos municipal.

Cuarto.- O día 28-05-2026 (cód. W1495965-6786) o candidato J. SABORIDO FENTANES (**9677**), presenta un escrito no período de alegacións no que solicita información relativa aos criterios de valoración e ás cualificacións asignadas a cada un dos temas expostos.

Quinto.- A este escrito se lle da contestación mediante comunicación expresa, e segundo o acordado polo órgano de selección o 4 de xuño de 2026.

Non constan presentados neste período de alegacións mais escritos.

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org - Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2026 11:33	Páxina 1 de 2
47858-220	CSV: AEBFB9-2CEH57-3E5BDC-YZDC4J-R7PNGV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PROCESO SELECTIVO TÉCNICO SISTEMAS

CONCELLO
DE VIGO



FUNDAMENTOS

1. Por acordo do órgano de selección de data 25 de maio de 2026, o resultado do primeiro exercicio do proceso selectivo de Técnico de Sistemas foi o seguinte:

APELIDOS	NOME	DNI	RESULTADO 1º EXERCICIO
COTELO LEMA	J.A.	***1279**	NON APTO
SABORIDO FENTANES	J.	***9677**	NON APTO

Este acordo foi publicado na páxina web municipal, e no taboleiro de anuncios municipal, tal e como establecen as bases reguladoras.

2. Á vista de dito resultado, e ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente procedemento, o órgano de selección deste proceso selectivo, por unanimidade dos seus membros adoita o seguinte

ACORDO

Primeiro.- Declarar deserto o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico/a de Sistemas (Subgrupo A1) do Concello de Vigo ao non superar ningún candidato o primeiro exercicio.

Segundo.- Publicar este acordo no taboleiro de anuncios municipal e no portal web deste Concello, para xeral coñecemento, con indicación de que contra este acordo cabe interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes a contar dende a súa publicación/notificación (artigos 112, 121 e 122 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro). Todo elo sen prexuízo de cantos recurso considere oportuno interpor.

Vigo, na data da sinatura dixital.
A Secretaria do Órgano de Selección,

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org - Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2026 11:33	Páxina 2 de 2
47858-220	CSV: AEBFB9-2CEH57-3E5BDC-YZDC4J-R7PNGV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		